




Biodiversión 2024

MISIÓN BIOLÓGICA DE GALICIA – SEDE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

22/01/2024 – 26/01/2024

OBXECTIVOS

Biodiversión procura o achegamento á ciencia por parte de estudantes de primaria, e máis concretamente do sexto curso, desde un punto de vista lúdico e divertido, tendo como principais obxectivos o fomento do interese pola ciencia dos cativos, así como a concienciación ecolóxica co medio que lles rodea.

Os obradoiros desenvolveranse nos laboratorios da sede de Santiago de Compostela da Misión Biolóxica de Galicia, nos que os estudantes poderán realizar experimentos sinxelos que servirán de base para expor os obxectivos e as liñas de investigación que se desenvolven no Centro dentro da área científica das ciencias agrarias.

METODOLOXÍA

As actividades desenvolveranse en pequenos obradoiros. Ao longo da mañá os estudantes van pasando polas diferentes actividades. En cada unha delas o persoal encargado da experiencia ofrécelles primeiro unha visión global pero sinxela do campo científico no que se desenvolve a súa investigación, para pasar logo á práctica.

ACTIVIDADES




Cambio climático

Estudo dos gases que producen o efecto invernadoiro e das emisións edáficas de CO₂.

Ensaio de xerminación e elongación radicular

Avaliación dos efectos tóxicos de determinados compostos no proceso de xerminación, desenvolvemento e crecemento dunhas sementes de berro (*Lepidium sativum* L.).



Cultivo in vitro de especies leñosas

Introdución ao cultivo in vitro, práctica de preparación de medios de cultivo e multiplicación de explantos.

Extracción de ADN

Con esta práctica preténdese que os estudantes poidan observar a estrutura externa do ADN por medio dunha técnica moi sinxela de extracción.



Datas:
22, 24 e 26 de
xaneiro de 2024

Horario:
09:00 h- 14:00 h

Organiza:



Información e reservas para a actividade
Carmen Trasar
Teléfono: 881045619
Correo electrónico: ctrasar@csic.es

